

RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONVOCAN AS ACCIÓNS FORMATIVAS CORRESPONDENTES Á ESPECIALIDADE MANTEMENTO E SEGURIDADE FORESTAL.

1. Obxecto.-

Esta resolución ten por obxecto a convocatoria e programación dunha acción formativa dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas correspondente á especialidade “Mantemento e seguridade de maquinaria forestal” (60 horas), cos contidos que figuran como anexo a esta resolución, así como o establecemento dos requisitos, condicións e criterios de selección do alumnado:

2. Impartición e número de prazas.-

1. As accións formativas reguladas nesta resolución serán impartidas na modalidade presencial no Centro Integrado de Formación Profesional de Santiago, situado na rúa San Paio do Monte, s/n, 15898, Santiago de Compostela.
Teléfono 981 563133

2. O número de prazas será de 10.

3. As datas de inicio e finalización serán do 5 de novembro ao 27 de novembro.

4. O horario de clases será de 16.30 h. a 20.00 h.

3. Convocatoria.-

A convocatoria desta acción formativa difundirase a través da paxina web <http://traballo.xunta.es> e nos taboleiros de anuncio das oficinas de emprego.

4. Solicitudes.-

1. As persoas interesadas en participar na acción formativa deberán presentar a súa solicitude, no modelo normalizado que se publica como anexo a esta resolución, no Centro de Formación Integrado de Formación Profesional Santiago, rúa San Paio do Monte, s/n, 15898, Santiago de Compostela. Tamén poderán presentala por correo, nos termos previstos na lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Coa solicitude deberán achegar copia do DNI e copia da cabeceira da última nómina ou do último recibo de pagamento do réxime de persoas autónomas (para as persoas ocupadas) ou copia da tarxeta de demandante de emprego (para as persoas desempregadas).

3. Deberán achegar tamén a documentación acreditativa dos méritos que presenten para a valoración prevista no punto 7.



5. Prazo.-

O prazo de presentación de solicitudes será: desde o 1 de setembro ata o 15 de setembro, ambos os dous inclusive.

6. Requisitos do alumnado.-

1. As persoas solicitantes deberán reunir os requisitos de titulación esixidos para o acceso aos certificados de profesionalidade de nivel 2 http://traballo.xunta.es/opencms/Biblioteca/Documentos/Contidos_Estandar/formacion_e_cualificacions/competencias_clave/informe_sobre_as_competencias_clave_novembro_2014.pdf

2. Terán prioridade para a participación na acción formativa as persoas traballadoras ocupadas, podendo participar persoas traballadoras desempregadas se as prazas non se cubren con ocupadas.

7. Criterios de valoración do alumnado.-

1. No caso de que o número de aspirantes sexa superior ao de prazas ofertadas, establécese a seguinte prelación :

1º) A experiencia profesional en ocupacións relacionadas coa área forestal da familia profesional agraria. Valorarase con tres puntos cada ano acreditado.

2º) A experiencia profesional en ocupacións relacionadas coas demais áreas da familia profesional agraria. Valorarase con dous puntos cada ano acreditado.

3º) A experiencia profesional en ocupacións relacionadas con outras familias profesionais. Valorarase con un punto cada ano acreditado.

2. Para acreditar a súa experiencia, as persoas solicitantes deberán xuntar a seguinte documentación:

a) Para os traballadores ou traballadoras asalariados:

- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social, do Instituto Social da Mariña ou da mutualidade á que estiveran afiliados, onde conste a empresa, a categoría laboral (grupo de cotización) e o período de contratación.

- Certificación da empresa onde adquiriran a experiencia laboral, na que conste especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a actividade desenvolvida e o intervalo de tempo no que se realizou dita actividade.

b) Para os traballadores ou traballadoras autónomas ou por conta propia:

- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social, do Instituto Social da Marina dos períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente.

3. No caso de empate coa puntuación obtida terán preferencia os aspirantes que acrediten maior experiencia profesional no último ano.

8. Resolución.-

1. A selección definitiva dos alumnos asistentes a esta acción formativa realizarase por resolución da directora xeral de Emprego e Formación, que será publicada no taboleiro de anuncios do centro e na paxina web <http://traballo.xunta.es>.

2. Contra a resolución da directora xeral de Emprego e Formación poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira de Traballo e Benestar, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2015
A directora xeral de Emprego e Formación

Ana María Díaz López

ANEXO

Contidos:

- **1. UF0267 Posta en marcha e mantemento da motoserra (30 horas)**
- **1.1. A motoserra e complementos**
 - Tipos de motoserra.
 - Partes: Sistema de corte: espada, cadeas, tensor, lubricación.
 - Dispositivos de seguridade: proteccións das mans, freo de cadea, captador de cadea, sistema antivibracións, bloqueador de aceleración, sistema antichispas.
 - Gasolina e aceites para a motoserra: Tipos. Proporcións. Depósito combinado.
 - Afiadoras de cadea. Limas. Guías. Calibrador de talóns.
- **1.2. Mantemento e posta en marcha**
 - Mantemento e reparación de pequenas avarías.
 - Limpeza da motoserra.
 - Engrase dos órganos de corte.
 - Reparación e ensamblado de cadeas.
 - Cambio de piñón e muelles de embrague.
 - Substitución de elementos de arranque.
 - Repostado e arranque.
 - Ferramentas e medios a empregar.
- **1.3. Normas de prevención de riscos laborais e do medio ambiente aplicadas ao manexo e mantemento da motoserra**
 - Avaluación de riscos e medidas preventivas a adoptar.
 - Equipos de protección individual (EPIs).
 - Comprobación do estado dos elementos de seguridade da motoserra.
 - Equipos auxiliares: botiquín, protectores de espaldas.
 - Cumprimento das normas medioambientais en materia de aceites e residuos.
 -
- **2. A desbrozadora e o seu mantemento. (10 horas)**
- **2.1. A desbrozadora e complementos**
 - Tipos de desbrozadora.
 - Tipos de motores.
 - Partes: Elementos de corte e trituración e os seus correspondentes protectores
 - Dispositivos de seguridade: sistema antivibración, bloqueador de aceleración, sistema antichispas, dispositivo de apagado doadamente accesible.
 - Gasolina e aceites para a desbrozadora: Tipos. Proporcións.
- **2.2. Mantemento e posta en marcha da desbrozadora**
 - Mantemento e reparación de pequenas avarías.
 - Limpeza do filtro de aire, buxía, entrada aire, tapón combustible, aletas de refrixeración e protector.
 - Engraxe do cabezal.



- Afiado do elemento de corte. Triscado do disco da serra.
- Repostado e arranque.
- Ferramentas e medios a empregar: Tipos de limas e guías. Chave de triscar.

- **2.3. Normas de prevención de riscos laborais e do medio ambiente aplicadas o manexo e mantemento da rozadoira**

- Avaliación de riscos e medidas preventivas a adoptar (seguridade, saúde e ergonomía).
- Equipos de protección individual (EPIs).
- Comprobación do estado dos elementos de seguridade da rozadoira.
- Equipos auxiliares: botiquín, protectores do disco para o transporte.

- **3. Técnicas básicas de manexo e traballo con motoserra e desbrozadora (20 horas)**

- **3.1. Técnicas de traballo básicas con motoserra.**

- Técnicas básicas de apeo.
- Técnicas básicas de despolado.
- Técnicas básicas de tronzado.

- **3.2. Técnicas de traballo coa desbrozadora.**

- Relación entre o elemento de corte e o traballo a realizar.
- Técnicas de desbroce de herbáceas.
- Técnicas de desbroce e/o trituración de plantas arbustivas.
- Técnicas de corte de árbores segundo o seu diámetro.



SOLICITUDE PARA A ACCIÓN FORMATIVA: "Mantemento e seguridade de maquinaria forestal (60 horas).

| | | | | | |
|------------|--|----------|--|----------------|--|
| APELLIDOS | | NOME | | DATA NACEMENTO | |
| DNI | | ENDEREZO | | | |
| LOCALIDADE | | C.P. | | Tfno | |

E-MAIL

| |
|--|
| |
|--|

EMPRESA ONDE TRABALLA ACTUALMENTE (PARA PERSOAS TRABALLADORAS OCUPADAS)

| | | | | |
|---------------------------------|-----------------------------------|-----------|-----|--|
| RAZÓN SOCIAL | Nº AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL | | CIF | |
| DOMICILIO DO CENTRO DE TRABALLO | LOCALIDADE | PROVINCIA | CP | |

"Mantemento e seguridade de maquinaria forestal (60 horas).

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA



Copia do DNI.

Copia da cabeceira da última nómina ou do último recibo de pagamento do réxime de persoas autónomas (para as persoas ocupadas) ou copia da tarxeta de demandante de emprego (para as persoas desempregadas).

Certificado de vida laboral

Certificados de empresa da experiencia laboral.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

- Declaro, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que figuran na presente solicitude.

- Solicito tomar parte no curso ou actividade de referencia.

..... de de 2015

sinatura

Estes datos só serán utilizados para os fins expresamente previstos e polo persoal debidamente autorizado, de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 994/1999, do 11 de xuño, do Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que contéña datos de carácter persoal.

Centro Integrado de Formación Profesional Santiago
R/ San Paio do Monte, s/n,
15898, Santiago de Compostela.